

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO COMPLEXO LÚDICO DEPORTIVO DE MONTERREI, NO PEREIRO DE AGUIAR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

DECLARA:

Que esta CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa Deputación Provincial de Ourense os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 06 de decembro de 2024 ao 31 de decembro de 2026.

Data sinatura	Descrición	Importe total
05/12/2024	Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Deputación Provincial de Ourense para a realización de obras no complexo lúdico deportivo de Monterrei, no Pereiro de Aguiar	Sen importe económico

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto *establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Deputación Provincial de Ourense relacionada para a execución das obras neles sinaladas.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os instrumentos convencionais que se pretenden asinar fundaméntanse no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes.

A lexislación básica de réxime local, establecida pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, as actividades e instalacións deportivas (artigo 80.2 letra



n), sinalando que é competencia propia da Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia ...” (artigo 109.1 letra a).

En desenvolvemento destas previsións, a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribiron o 6 de xullo de 2021 un protocolo xeral de actuación para a mellora da dotación de infraestruturas deportivas na provincia de Ourense.

Segundo o establecido na súa cláusula primeira, o protocolo tiña por obxecto a realización “de proxectos e actividades relacionadas coas instalacións e dotacións deportivas que xurdan ao seu amparo. A intención das partes é que os proxectos que se executen se financien ao 50%, financiamento que se concretará nos convenios que se asinen.” A mesma cláusula establece tamén que “o campo de colaboración poderá concretarse en calquera actividade relacionada cos fins deportivos de ambas Administracións, nomeadamente no desenvolvemento e execución do Complexo deportivo e acuático de Monterrei no concello de Pereiro de Aguiar, e do Campo de regatas e ampliación do club náutico no concello de Castrelo de Miño”.

No Complexo Lúdico-deportivo de Monterrei intégranse dúas zonas diferenciadas pero complementarias: a zona deportiva que xa está executada e onde se localizan unha pista polideportiva, pistas de tenis, padel, circuíto de cross e pista de pump track e a zona acuática para a que se elaborou un estudo de viabilidade que serviu de base para a contratación da redacción do proxecto.

II. As entidades públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a colaboración coas entidades públicas para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola mellora da oferta e dotación públicas de instalacións e equipamentos deportivos que é unha das prioridades da Xunta de Galicia, coincidente tamén co servizo do interese público que procura a Deputación Provincial de Ourense.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado



por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte

